



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > [Blogues](#) > [blogue de admin1](#) > Visita da Ecole Primaire Petit Paris de Brest

Visita da Ecole Primaire Petit Paris de Brest

Enviado por [admin1](#) ^[1] o Dom, 05/25/2025 - 17:06

[Curso 24_25](#) ^[2] [Seccións bilingües](#) ^[3]

Unha das aulas do noso centro (6°C EP) tivo a sorte de compartir tres días inesquecibles co alumnado da Ecole Primaire Petit Paris de Brest (Francia), como parte dun intercambio cultural que levamos desenvolvendo dous cursos.

A través dunha gran diversidade de propostas, tiveron a oportunidade de se comunicar con persoas coas que non comparten o mesmo idioma, facilitando a práctica do inglés e descubrindo novos xeitos de expresarse. Un dos momentos máis emotivos foi a visita guiada pola nosa fermosa cidade, onde quedaron abraiados/as pola súa beleza e historia. Tampouco faltaron o paseo pola beira do río Sarela e os cantos e bailes en francés e en galego.

Foron uns días cheos de emocións e experiencias únicas que ampliaron os coñecementos dos/as nenos/as e contribuíron a que medren como persoas.

Ademais, achegáronse a arte que se fai en Galicia, cunha visita ao Centro Galego de Arte Contemporánea.

Quedaron encantados e encantadas coa escola, coa hospitalidade da nosa cidade e cos manxares que probaron no comedor escolar. Sen dúbida, esta experiencia serviu para crear lazos de amizade que transcenden fronteiras.

Podedes ver unha pequena presentación neste [enlace](#) ^[4].

À bientôt les ami



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/674>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/49>

[4] <https://www.canva.com/design/DAGni5VijFU/zUy4S3PEIhBjUbgYIb87pQ/view>